

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

ANUNCIO

– No Boletín Oficial da Provincia de data 17/04/2017 publicanse as bases de referencia. O prazo de presentación de instancias é o seguinte: 18 a 24 de abril de 2017, ámbolos inclusive.

“BASES PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, POLO PROCEDIMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE, DE SEIS AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E CONVOCATORIA PARA A SÚA PROVISIÓN

PRIMEIRA.- O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de seis persoas para ocupar igual número de prazas de AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL co fin de atender as funcións propias desta categoría profesional na Policía Local das Pontes de García Rodríguez, dada a situación existente no cadro de persoal (a imposibilidade de nomear persoal interino). Este persoal desempeñará as funcións de apoio e de auxilio.

A modalidade contractual será a dun contrato temporal por acumulación de tarefas , prevista no RD 2720/1998, de 18 de decembro.

SEGUNDA

SISTEMA DE SELECCIÓN: Oposición libre

TERCEIRA

DURACIÓN DO CONTRATO.- A duración do contrato será de seis meses.

Ás persoas contratadas correspóndelles a función de custodia e vixilancia de bens, servizos e instalacións municipais, así como auxilio e colaboración dos funcionarios do corpo da Policía Local na súa quenda de servizo, de xeito que éste poida controlar, complementar ou corrixir, se é o caso a súa actividade laboral.

CUARTA

RETRIBUCIÓN.- A retribución será de mil douscentos doce euros (1.212 euros) mensuais por todos os conceptos, incluído o rateo das pagas extraordinarias.

Este persoal terá a condición de Auxiliar de Policía e o seu grupo de cotización será o grupo 8, asimilado ao C2, que é o nivel de titulación que se esixe.

QUINTA

CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.- Para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser español ou española, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou estranxeiro con permiso de residencia e traballo.

b) Ter máis de 18 anos.

c) Estar en posesión do título de graduado escolar ou equivalente, ou ter superada a educación secundaria obrigatoria (ESO), ou en condicións de obter o referido nivel de titulación na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

d) Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas, ou ás Entidades Locais, nin acharse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

f) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, consonte a normativa vixente.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

g) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 as mulleres.

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos expresados no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

SEXTA

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán efectuarse mediante solicitude dirixida ao Alcalde, e presentaranse no rexistro xeral do Concello en horas de oficina, no prazo de cinco días naturais, ou en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do concello.

Nas respectivas solicitudes, en modelo que se publicará na devandita páxina web e se facilitará no Rexistro do Concello, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base quinta, achegando inescusablemente os seguintes documentos:

- Certificado médico a que se refire a base quinta, acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que impida exercer a función propia a desempeñar e realizar sen risco os exercicios físicos da oposición

1 Fotocopia do DNI

SÉTIMA

LISTAXE DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS.COMPOSICIÓN NOMINAL DA COMISIÓN CUALIFICADORA E CONVOCATORIA DA PRIMEIRA PROBA.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias, publicarase a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, dando un prazo de tres días para reclamacións e/ou corrección de emendas. De non presentarse reclamacións ou unha vez resoltas éstas, publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web do concello o seguinte:

a) Listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos

b) Composición íntegra da Comisión Cualificadora

c) Anuncio da convocatoria no que constará o lugar, día e hora de realización dos exames, polo que as persoas aspirantes non serán notificadas persoalmente ao respecto. Esta anuncio publicarase na páxina web do concello e máis no taboleiro de edictos.

OITAVA

COMISIÓN CUALIFICADORA.- Estará formada polo persoal do Concello das Pontes de García Rodríguez que a seguir se indican:

Presidencia: Un/ha oficial da Policía Local do concello ou de calquera Administración Pública, xunto co seu correspondente suplente.

Vogalías: Tres persoas expertas na materia, designadas pola Concellería Delegada, xunto cos seus correspondentes suplentes dacordo co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Secretaría:

Un/ha administrativo/a do concello, persoal laboral fixo ou funcionario, xunto co seu correspondente suplente.

Asesora na proba de galego:

D^a. María Flora Vázquez Alonso

Todos os membros do órgano de selección, incluída a persoa que exerza a secretaría, terán voz e voto, agás a persoa asesora de galego, que só terá voz na súa especialidade técnica.

O órgano de selección deberá estar composto de forma paritaria, consonte dispón o artigo 36º da Lei 7/2004, do 16 de xullo (galega) para a igualdade de homes e e mulleres, na redacción dada polo apartado Dous da disposición adicional primeira da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

En ausencia da persoa designada para a presidencia do órgano seleccionador, será substituída por ou pola vogal de maior idade.

En ausencia da persoa designada para ocupar a secretaría, será substuída pola persoa máis nova de entre as designadas para as vogalías.

O alcalde poderá designar unha ou varias persoas para desempeñar funcións de asesoramento do órgano de selección, con voz pero sen voto.

NOVENA

FASE DE OPOSICIÓN.- Consistirá na realización das seguintes probas:

- Probas selectivas.

De acordo co previsto no artigo 47 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, as probas para a selección de auxiliares contratados polo concellos, son as que se describen a continuación.

A.1. Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

- Comprobación da estatura.

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/as aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 para as mulleres.

- Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto, os aspirantes deberán acadar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.1.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado,

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

· A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

·	·18-36 anos	·37-48 anos	· 49 anos ou máis
·Homes	·41 cm.	·33cm.	·29 cm.
·Mulleres	·32 cm.	·28 cm.	·25 cm.

A.1.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento. O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído. A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

·	·18-36 anos	·37-45 anos	· 46 anos ou máis
·Homes	·4'30''	·5' 00''	·5' 15''
·Mulleres	·5'00''	·5'30''	·5'45''

2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no apartado B.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

3. Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá aos/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do concello e a toponimia local. Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

4. Coñecemento da lingua galega.

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como Apto ou non Apto, para aqueles aspirantes que non acrediten estar en posesión do CELGA 3, Curso de iniciación de lingua galega ou validación do mesmo.

B. Temario.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

- 1O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
- 2Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
- 3A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
- 4Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
- 5A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo, Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
- 6A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
- 7Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
- 8Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
- 9Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
- 10Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
- 11Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia de seguro obrigatorio.
- 12A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

C. Relación de aprobados/as.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, resultarán propostos para a contratación os aprobados/as que, en número igual ao de prazas convocadas, obtivesen as notas máis altas. A listaxe de espera establecerase, xa que logo, cos aspirantes que tendo superado o proceso non sexan propostos para a contratación. A listaxe de espera funcionará do seguinte xeito: de producirse a baixa dalgún dos candidatos propostos, por rexeitamento ou calquera outra causa, será chamado o primeiro da listaxe. Se rexeitase, chamarase ao seguinte e así sucesivamente. Todo rexeitamento na chamada producirá o pase ao final da listaxe, que terá vixencia unicamente durante o ano 2017.

D. Curso de formación.

Os aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun curso de formación que desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

DÉCIMA

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Cada un/unha dos/as aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de cinco días naturais (contados a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, algún ou algunha dos/as aspirantes propostos/as non presentase a súa documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non se poderá contratar, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera ter incorrido por falsidade na solicitude ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo. Neste caso darase paso ao funcionamento da listaxe de espera.

UNDÉCIMA

FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación efectuará a contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo órgano de selección, e será nula a contratación de quen estea incurso/a en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral.

DUODECIMA.- NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, na Lei 4/2007, do 20 de abril, de ordenación de policía locais (de Galicia) no Real decreto 896/1991, no Real decreto 364/1995, Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada. Tamén se terá en conta o establecido no Anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009 (Dog 02/02/2009) sobre contratación de auxiliares temporais.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece a base sexta, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

Terceira.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Cualificadora, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

establecidos pola Lei de procedemento administrativo común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria) perante o Xulgado Contencioso-Administrativo correspondente efectuando a persoa demandante a elección permitida polo artigo 14.1, regra segunda da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente, ou se produza a desestimación presunta, o recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen conveniente.”

As Pontes de García Rodríguez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE REXIME INTERNO E PERSOAL

Asdo: José Alén Alvarez